

EMOTI

COBES

corpo + emoción + cor

Produce



Coa axuda de



XUNTA DE GALICIA

E a colaboración de



CORPO



EMOTICORES estrénase no Pazo da Cultura de Narón o 15 de xaneiro de 2017.

EMOTICORES é a nova proposta de Cristina Montero & Rut Balbís, Las Tricotouses, para público familiar, de + 6 anos, especialmente creado para o segmento de segundo ciclo de primaria (8-12 anos).

EMOTICORES é un espectáculo de danza no que se traballan as emocións a través das formas, as cores, o son e o movemento, co obxectivo de axudar ó entorno familiar dxs nenxs a relacionar as emocións con aquilo que as provoca.

EMOTICORES é un espectáculo de danza onde as emocións toman forma a través das cores e o movemento que, conxugado co son e as proxeccións audiovisuais, ten como obxectivo axudar aos rapaces e ao seu entorno familiar a identificar as emocións.

Ao igual que os adultos, xs rapacxs necesitan espazos onde recoñecerse e expresarse afectiva e emocionalmente.


É importante que a escola proporcione estes lugares de contacto e de expresión e así, camiñar cara un modelo educativo máis integrador, humano e creativo.

Neste sentido, o traballo coas cores preséntase como excelente ferramenta para ilustrar e recoñecer aqueles espazos emocionais que precisan ser expresados e atendidos.

As cores, as formas, o movemento... son a linguaxe do inconsciente onde reside o emocional, onde ás veces non chega a palabra.

EMOTICORES:

CORES + EMOCIÓN + CORPO



Emoción





EMOTICORES: ESPECTÁCULO + ACCIÓNS PEDAGÓXICAS

A exhibición do espectáculo **EMOTICORES** leva consigo **varias propostas pedagóxicas:**

- Un programa pedagóxico para centros educativos no caso de funcións matinais para escolares.
- Un taller familiar para as funcións de fin de semana.
- Un xogo escénico ao final da exhibición do espectáculo.

Unidade didáctica: a unidade didáctica ten como finalidade introducir o traballo coas emocións na propia aula. A través de dinámicas grupais, de traballo co corpo e a creatividade, valéndonos da Psicoloxía e a Meditación, axudaremos aos alumnxs a identificar e xestionar as propias emocións, proporcionando tamén ferramentas e orientación aos profesores, sobre como abordar o traballo emocional en clase.

Taller familiar: o taller familiar está dirixido a toda a familia, pais, nais, avós, pequenxs...dende unha perspectiva lúdica, orientado a introducir o traballo co corpo como resonador das propias emocións.





COR

Creación e interpretación
CRISTINA MONTERO e RUT BALBÍS

Interpretación
CRISTINA MONTERO e ALBA FDEZ. COTELO/RUT BALBÍS

Iluminación e programación audiovisual
AFONSO CASTRO

Arranxos musicais e deseño gráfico
JAS PROCESSOR

Asesoramiento en Psicoloxía
PAULA PINTOS

Unidades didácticas
CRISTINA MONTERO, RUT BALBÍS e PAULA PINTOS

Vestuario
TERESA GUTIÉRREZ

Producción
MANU LAGO

Video
MIRAMEMIRA

Producción
LAS TRICOTOUSES

Axuda en produción
AGADIC – Xunta de Galicia

Colabora en produción
Concello de Ferrol e Concello de Narón



EMOTICORES: RAPACXS + DANZA

Las Tricotouses, compañía dirixida por Cristina Montero e Rut Balbís, produciu tres espectáculos desde 2012: Só una escusa, 2012; Momento blooming, 2014 e Emoticores, 2016.

Cristina Montero, Ferrol. Creadora-coreógrafa, en 2009 crea a súa propia compañía coa performance “1a party”, representada en diferentes espazos de Galicia, Madrid e Portugal.

Como intérprete e coreógrafa traballa con Teatro do Morcego, Cía.40 Pasos, Cía San&San , Cía. Bucanero, Cía. Trespasando.

Foi docente da Escola de Formación de actrices e actores de Narón desde 2003 e docente e coordinadora da Escola de Danza Contemporánea de Narón desde 2009, onde imparte talleres de expresión e movemento para maiores, adultos e nenxs en diferentes concellos e espazos.

Cristina Montero é codirectora do Festival Vai de Baile de Ferrol.

Rut Balbís, Ourense. Creadora-coreógrafa, intérprete e docente de danza contemporánea é Licenciada en C.C. da Actividade Física e do Deporte e realiza o One Year Certificate in Contemporary Dance en The Place (Londres).

En paralelo ao seu proxecto con Las Tricotouses, dirixe a súa compañía Pisando Ovos e desenvolve o seu traballo docente na Aula de Danza da Universidade de A Coruña desde 2005, ademais de colaborar con outras compañías como Matarile Teatro, Licenciada Sotelo, Lipi Hernández, Traspediente, Iker Gómez, Chévere, Cristina Montero, Paula Pintos, AIREnoAR...

Forma parte de “The Hunter Lodge” colectivo creado a partir do proxecto europeo Choreoroam 2012.

LAS TRICOTOUSES





WWW.LASTRICOTOUSES.COM

CONTACTO

Las Tricotouses
Dr. Fleming 175-177 8º Esq
15401 Ferrol – A Coruña

Manu Lago – Distribución
607 18 62 24

lastricotouses@gmail.com

